

Resolución do 11 de abril de 2022, da comisión de selección designada para cualificar o proceso selectivo para a selección e contratación entre os candidatos incluídos na lista previa na categoría de Oficial Administrativo/a, perfil “Outros”, no ámbito Servizos Centrais pola que se aproba e se fai pública a lista provisional de contratación, se propón ó Director Xerente a lista de contratación, se crea a lista de agarda, e se abre o período de reclamacións.

A comisión de selección designada para cualificar o proceso selectivo para a selección e contratación entre os candidatos incluídos na lista previa na categoría de Oficial Administrativo/a, perfil “Outros”, no ámbito Servizos Centrais, e de conformidade co establecido nas bases xerais e específicas das que rexen o proceso, entre outros, **ACORDOU:**

Primeiro.- Lista de Resultados

De conformidade co establecido nas bases xerais 2.2.4.4 e nas bases específicas II apartado 2.5 que rexen o proceso, acórdase aprobar e publicar a lista de resultados obtidos polos/as participantes.

Segundo.- Aprobar e facer pública a lista provisional de contratación.

De conformidade co establecido nas bases xerais 2.2.5 e nas bases específicas II apartado 2.7 que rexen o proceso, acordou aprobar e facer pública a lista provisional de contratación de candidatos/as.

Terceiro.- Lista de contratación.

De conformidade co establecido nas bases xerais 2.2.5 e nas bases específicas II apartado 2.7 das que rexen o proceso, proponse ó Director-Xerente a lista de contratación.

Cuarto.- Lista de agarda.

De conformidade co establecido nas bases xerais 2.3 e nas bases específicas II apartado 4, das que rexen o proceso, os candidatos que, superado o proceso selectivo, non fosen contratados, pasarán a formar parte da lista de agarda que se configura cos candidatos non contratados. Dita lista figura publicada coa presente resolución, onde os candidatos figuran ordenados por orde descendente á puntuación obtida.

Quinto.- Reclamacións.

De conformidade co establecido nas bases específicas II apartado 2.8 das que rexen o proceso, os candidatos disporán dun prazo de tres días hábiles, contados a partir do seguinte ao da publicación desta resolución na páxina web de SEAGA, para efectuar reclamacións ante o Director-Xerente de SEAGA.

As resolucións do Director-Xerente serán motivadas, se ben a estimación ou desestimación das ditas reclamacións entenderanse implícitas na resolución do Director-Xerente pola que se aproben e se fagan públicas a relación de candidatos e a lista de contratación.

De non haber reclamacións, a relación de candidatos e a lista de contratación enténdense aprobadas definitivamente.

O prazo de presentación de reclamacións remata o **20 de abril de 2022**

As reclamacións so poderán ser presentadas de luns a xoves en horario de 9:00h a 14:00h e de 15:30h a 17:30h, e os venres de 9:00h a 14:00h na oficina de rexistro de SEAGA, sita no Polígono Industrial do Tambre, Vía Marconi, nº14, 15890 Santiago de Compostela – A Coruña, ou de luns a venres en horario de 9:00h a 14:00 horas nas oficinas de rexistro de SEAGA sitas en:

- Polígono do Ceao, Rúa dos Carros, parcela 17, 27003 Lugo.
- Polígono de San Cibrao das Viñas, Sector C, Rúa Ricardo Martín Esperanza (Rúa 1), Parcela 1-G, Nave 3, 32911 San Cibrao das Viñas, Ourense.
- Lg. Cabanas - Salcedo, nº 54, 36103, Pontevedra.
- Estrada N. VI, Km. 581, 15640, Guísamo- Bergondo.

As reclamacións que se poidan achegar e/ou efectuar, unha vez rematado o prazo correspondente segundo o disposto nas presentes bases consideraranse, a tódolos efectos, como fóra de prazo, e non serán tidas en consideración no proceso.

A presentación de reclamacións en oficinas distintas das anteriores non serán tidas en consideración para o proceso.

A Presidenta da Comisión de Selección.

Asdo. M^a Jesús Cobas Ríos.